



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA. MODIFICACIÓN

Dna. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 29 de abril de 2022 en Miño, no punto 1. “Revisión da proposta de resolución definitiva da xunta directiva enviada ao servizo de desenvolvemento das zonas de pesca o 25 de marzo de 2022”, os membros da Xunta Directiva (estando presentes ou representados os trece que conforman a Xunta Directiva) acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:

1. En aplicación ao estipulado no artigo 24 da “Orde de Axudas do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2022, tramitada como anticipado de gasto (código do procedemento PE155A”, a Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte enviou á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas da convocatoria 2022 o día 25 de marzo.
2. Na reunión de Xunta Directiva celebrada o pasado 20 de abril, no punto 5 da mesma “información trámites proxectos Femp 2014-2020. Convocatoria 2022”, informouse aos asistentes que o Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca (Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro), estaba a revisar a proposta, adiantándonos que en relación ao expediente GALP2-247 “Nova liña de elaborados de pan, empanadas e chocolates con produtos do mar”, as obras de acondicionamento e instalación varias correspondentes a un dos baixos non poden ser admitidas por non cumprir co artigo 20 e) da orde de axudas do 27 de decembro de 2021. Debido a que, o día da reunión, descoñecía-se o importe a minorar por non ter o desglose efectuado por unha persoa técnica competente, das obras e instalacións que correspondían a dito baixo, acordouse aprobar esta minoración no expediente sinalado, pendente de coñecer o importe exacto a descontar, e que, cando o equipo técnico coñecera ese dato, se levara a cabo unha reunión de Xunta directiva vía mail, previo á publicación da proposta modificada de resolución definitiva.
3. O día 26 de abril o Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, envía un correo electrónico onde comunican textualmente “Examinada a proposta de axudas efectuada polo GALP detéctase que no caso do proxecto GALP2-245 “Desarrollo oferta turística y eficiencia enerxética”, na data límite de presentación de solicitudes non consta acreditada a representación de Manuel Cobas para presentar a solicitude en nome de EUMETURISMO, S.L. Polo tanto débese revisar o expediente e efectuar a proposta conforme a normativa.”
4. Consultado co Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, os importes sobrantes incorporárase ao expediente non produtivo GALP2-226 “Modernización do mercado municipal: posta en valor dos produtos locais”, polo que tamén habería que modificar a proposta definitiva da Xunta Directiva de proxectos non produtivos.

5. Por tal motivo a Xunta Directiva, tendo en conta o anteriormente exposto, acorda o seguinte, en relación aos seguintes expedientes:
 - **GALP2-247 “Nova liña de elaborados de pan, empanadas e chocolates con produtos do mar”;** unha vez revisado o informe elaborado pola xerencia deste Grupo e a documentación aportada polo solicitante desta axuda onde queda acreditado o non cumprimento do artigo 20 e) da orde de axudas do 27 de decembro de 2021, a minoración da axuda proposta pola parte correspondente ao “baixo c” con número de referencia catastral 6868612NJ6066N0001WD), nas partidas de obras de acondicionamento e instalacións varias, adecuando a proposta de resolución definitiva de xunta directiva.
 - **GALP2-245 “Desarrollo oferta turística y eficiencia enerxética”;** Desestimado por non acreditar que a persoa que asina a solicitude teña capacidade de representación da entidade Eumeturismo, S.L.
 - **GALP2-226 “Modernización do mercado municipal: posta en valor dos produtos locais”;** En relación a este expediente que estaba axustado o importe subvencionado ao crédito existente na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP Golfo Ártabro Norte, incorporar os importes sobrantes que quedarían dos dous expedientes anteriores.

6. O 27 de xaneiro de 2022 publicouse unha nova orde de axudas para proxectos naqueles GALP que teñen orzamento dispoñible nos obxectivos estratéxicos do plan financeiro do Programa de axudas da EDLP, onde está recollido no punto 3 do artigo 4, *que os proxectos serán subvencionables en función da dispoñibilidade de orzamento nos obxectivos estratéxicos do plan financeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo de cada GALP, e que de forma excepcional, co fin de posibilitar a máxima execución dos fondos, poderán admitirse as compensacións entre obxectivos estratéxicos ata un máximo do 15% do importe global do obxectivo fixado no plan financeiro da estratexia.*

7. Para unha correcta xestión de fondo neste ámbito territorial, e poder chegar a cumprir ao máximo o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto *“establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia”*, a Xunta Directiva acorda que se aproben todos os proxectos produtivos e non produtivos polas contías establecidas nos anexos, tendo en conta o límite orzamentario da Consellería do Mar e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Golfo Ártabro Norte e aplicando as compensacións entre os obxectivos estratéxicos, tal é como está recollido no punto anterior.

8. Que no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas desta convocatoria 2022, a Xunta Directiva acorda que sexan incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 25.7 da Orde de axudas do 27 de decembro de 2021 *“Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será utilizada de non esgotarse o crédito dispoñible ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude renuncias, de modificación de resolucións de outorgamento ou de dotacións orzamentarias adicionais”*

9. Realizadas as correccións oportunas, a Xunta Directiva eleva a público unha nova proposta de resolución definitiva de proxectos produtivos, non produtivos e desestimados da Convocatoria 2022, tendo en conta as correccións realizadas nos expedientes GALP2-247; GALP2-245 e GALP2-226, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.
10. Outórgase un prazo de alegacións de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, que será o día 2 de maio de 2022, para exclusivamente aqueles proxectos que sufriron modificacións: GALP2-226; GALP2-245 E GALP2-247.
11. Unha vez contestadas as alegacións (se as houbera) nestes tres expedientes, esta proposta de Xunta Directiva modificada pasará a ser a definitiva, sobre a que a Consellería do Mar emitirá as resolucións de axuda.
12. Esta proposta modificada de resolución definitiva de Xunta Directiva para proxectos produtivos e non produtivos da Convocatoria 2022, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para proxectos produtivos e non produtivos para esta convocatoria 2022.
13. Informar que esta proposta de resolución modificada, xunto cos correspondentes anexos publicarase no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, así como na páxina web dos GALP de Galicia <https://galp.xunta.gal/>

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 2 de maio de 2022

Visto e praxe

Asdo.: José Manuel Fernández Lage
Presidente

Asdo.: Teresa María Oujo Reino
Secretaria